

Os escritores invitan a toda a cidadanía interesada a participar neste encontro, enriquecendo deste xeito o debate, e achegando novas visións dos temas tratados, ofrecendo un lugar de participación para todas aquelas persoas con inquietanzas sobre o territorio que habitan.

ENCONTRO
ESCRITOR@S POLO TERRITORIO

Lugo, 11 de xuño de 2011
Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo



www.adega.info

máis información en
www.adega.info

patrocina:



organiza:



PROGRAMA

09:30 h. Inauguración da xornada

Virxinia Rodríguez, Presidenta de ADEGA
Antón Bao, Vicepresidente 1º da Deputación de Lugo

10:00 h. Mesa de debate: A literatura oral do territorio

Nesta mesa analizarase a literatura e tradición oral, a importancia da súa conservación, a súa defensa e o seu vencellamento ao territorio.

- Ana Carreira
- Xoán R. Cuba

Moderador: **Antonio Reigosa**

11:00 h. Coloquio - Debate

11:30 h. Actuación do coro LUGH dirixido por Fernando García Jácome

12:00 h. Pausa café

12:30 h. Mesa de debate: Os nomes do territorio. A Toponimia

Aquí abordarase o tema dos cambios producidos na Toponimia galega; cidades, pobos, parroquias....a súa deturpación e a desfeita cultural que isto supón, desde o punto de vista da Tradición Oral, a Arqueoloxía ou a Historia.

- Xulia Marqués
- Gonzalo Navaza

Moderador: **Xosé Miranda**

13:30 h. Coloquio - Debate

14:00 h. Xantar

16:00 h. Mesa de debate: Cambios no uso da Cidade

Por medio da narración das experiencias vitais de tres escritores pertencentes a diferentes xeracións (1940, 1951, 1975), dos seus recordos do uso da cidade para o xogo o traballo, a vida cotiá, obteremos unha visión do cambio producido no territorio urbano nos últimos 75 anos.

- Paco Martín
- María Reimondez

Moderador: **Isidro Novo**

17:00 h. Coloquio - Debate

17:30 h. Actuación de música galega

18:00 h. Mesa de debate: O meu territorio na miña literatura

A través de diversos autores, faremos un percorrido polas diferentes percepcións que teñen e tiveron das cidades onde se sitúa a súa obra literaria tendo deste xeito unha visión de como se manifestan os cambios das cidades na literatura.

- Pilar García Negro
- Adela Figueroa Panisse

Moderador: **Xurxo Souto**

19:00 h. Coloquio - Debate

19:30 h. Conclusións e Clausura do Encontro

Os moderadores; exporán as conclusións de cada unha das mesas de debate. Posteriormente procederase a clausura do encontro.

